



## ESTATUTOS DA FUNDACIÓN GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO

### TÍTULO I

#### DISPOSICIÓN XERAIS

##### **Artigo 1.- Denominación e natureza.-**

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución e de acordo co artigo 27.26 do Estatuto de Autonomía para Galicia, se establece o réxime xurídico da fundación no sector público de Galicia, de carácter tripartito, sen ánimo de lucro que se denomina "Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo" (en diante a Fundación) que ten afectado o seu patrimonio de xeito duradeiro á consecución dos fins de interese xeral descritos nos presentes Estatutos. O seu carácter tripartito ven determinado pola incorporación ao seu Padroado de membros da Administración Pública galega, da Confederación de Empresarios de Galicia, de Comisións Obreiras de Galicia, da Unión Xeral de Traballadores e da Confederación Intersindical galega.

##### **Artigo 2.- Personalidade e capacidade.-**

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo en consecuencia realizar todos aqueles actos que sexan precisos para a consecución dos seus fins, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

##### **Artigo 3.- Réxime Xurídico da Fundación.-**

A Fundación rexerese pola vontade dos fundadores manifestadas nos Estatutos e na escritura fundacional, polos regulamentos que regulen a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como polas disposicións legais que lle sexan aplicables; en concreto pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro regulamento de funcionamento de fundacións de interese galego; polo decreto 15/2009 de 21 de xaneiro regulamento de rexistro de fundacións de interese galego, ou no seu caso polas disposicións que a substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002 de 26 de decembro, de Fundacións e Real Decreto 1337/2005, do 11 de novembro; pola Lei 49/2002 de 26 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenado, pola Lei 16/2010 de funcionamento e organización da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como polo resto de disposicións legais de dereito civil, mercantil laboral ou administrativo que lle sexan de aplicación.

##### **Artigo 4.- Domicilio.-**

O domicilio social da Fundación estará situado en Santiago de Compostela, Edifícios Administrativos de San Lázaro s/n, Consellería de Traballo e Benestar, onde levaranse a cabo, de xeito principal, as actividades da Fundación. A Fundación poderá desenvolver actividades nas sedes das entidades representadas no Padroado de xeito circunstancial.

O domicilio poderá ser modificado por outro en virtude do acordo por maioría cualificada de 2/3 partes do seu Padroado en consonancia co artigo 17.2 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros, mediante a oportuna modificación estatutaria ó que deberá ser comunicado ao Protectorado, na forma legalmente prevista.

A Fundación poderá establecer as delegacións que teña por conveniente para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais, previo acordo do Padroado, e sempre e cando as actividades da fundación se desenvolven principalmente na Comunidade Autónoma de Galicia.

##### **Artigo 5.- Ámbito de actuación.-**

O ámbito de actuación da Fundación alcanzará, principalmente, a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, non quedando excluída polo tanto, a posibilidade de actuación fora do territorio galego, cando as súas actividades vaian dirixidas a galegos ou fillos de galegos no exterior.

Con independencia dese ámbito de actuación, a Fundación poderá colaborar e formalizar acordos de colaboración, asociación, federación o confederación con outras entidades que desenvolvan actividades afíns ó seu obxecto e finalidade e que actúen noutro ámbito xeográfico.

##### **Artigo 6.- Duración.-**

A duración da Fundación é indefinida e dará comezo as súas operacións a partir da inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións de Interese Galego.



## TITULO II

### FINS DA FUNDACIÓN

#### Artigo 7.- Fins da Fundación.-

A Fundación ten por obxecto:

- Promover, aplicar e implementar actuacións tendentes á configuración dun sistema integrado de formación profesional en Galicia.
- Promover a eficiencia e a eficacia das políticas de formación a través do análise e mellora continuada das mesmas.
- Impulsar e estender entre empresarios e traballadores unha formación que responda as súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.
- Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal.
- Proporcionar aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.
- Contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas, e a estabilidade e calidade do emprego.
- Calquera outro fin que conduza o cumprimento do obxecto fundacional.

#### Artigo 8.- Actividades da Fundación.-

1.- Para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, por aprobación da metade máis un dos membros presentes sendo dirimente, no caso de empate, o voto do/a Presidente/a, determinará as actividades que debe realizar en cada momento a Fundación, en todo caso, colaborar e asistir técnicamente ás Comisións que poidan existir de formación para o emprego en todas aquelas actividades que determinen.

De modo enunciativo, se sinalan as seguintes actividades:

- a) Propoñer criterios orientativos para a elaboración de plans e actuacións de mellora en materia de formación para o emprego e recomendacións para a negociación colectiva.
- b) Contribuír ao impulso e difusión entre empresarios e traballadores do sistema de formación para o emprego.
- c) Avaliación das políticas de formación para o emprego.
- d) Execución das funcións de xestión, seguimento e apoio técnico en materia de formación para o emprego sen prexuízo das competencias da administración.
- e) A realización de todo tipo de estudos, análise e prospectivas, así como a prestación de servizos relacionados e que redunden no cumprimento dos fins fundacionais.
- f) Desenvolver actividades de colaboración e partenariado con organismos ou entidades con presenza en territorios distintos ao da Comunidade autónoma.
- g) Establecer convenios e, se é o caso, protocolos de colaboración con institucións públicas ou privadas que se dediquen a idénticos ou similares fins, e mesmo coas entidades fundadoras.
- h) Subscribir os oportunos contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas para o cumprimento dos seus fins.
- i) Coordinar as súas actividades coas administracións Públicas ou calquera outras institucións orientadas ós fins da Fundación.
- j) Executar cantas actividades decida o Órgano de Goberno da Fundación que teñan por finalidade a Formación para o emprego, ou o seu desenvolvemento e perfeccionamento.
- k) Asumir e xestionar cantas actividades deleguen ou encomende a Comisión Galega de Formación Continua e a Dirección Xeral de Formación e Colocación.
- l) Elevar á Comisión Galega de Formación Continua e á Dirección Xeral de Formación e Colocación as propostas normativas e procedimentais que considere oportunas en materia de formación profesional, así como elaborar os informes que lle sexan requiridos.



m) Dar asistencia e asesoramento ás PEMES, e á representación legal dos traballadores/traballadoras, posibilitando a súa incorporación ao sistema, así como o apoio técnico aos órganos administrativos competentes na orientación dos traballadores/traballadoras.

n) Prestar apoio técnico nos procesos de mellora da calidade, así como elaborar o correspondente informe anual.

o) Elaborar e propoñer estudos e informes técnico-xurídicos sobre o sistema de formación para o emprego no marco do Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

2.- A Fundación levará a cabo calquera outra actuación que considere necesaria e conveniente para a consecución dos seus fins, tendo sempre presente o disposto no artigo 115 da Lei 16/2010 de 17 de decembro, no que se indica que as Fundacións do sector público da Comunidade Autónoma non poderán exercer potestades públicas.

#### **Artigo 9.- Beneficiarios.-**

Serán beneficiarios da Fundación as persoas físicas ou xurídicas que determine o Padroado sen discriminación de ningunha clase.

En especial, o Padroado da Fundación velará pola integración activa, na súa organización e nas súas actividades, a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a todos os niveis.

#### **Artigo 10.- Publicidade das actividades.-**

A Fundación dará publicidade ao seu obxecto e actividades utilizando a tal fin calquera medio de comunicación social.

### **TÍTULO III**

#### **GOBERNO DA FUNDACIÓN**

#### **Artigo 11.- Padroado.-**

O órgano supremo de goberno, administración e representación da Fundación é o Padroado, que exercerá as súas funcións conforme o disposto no ordenamento xurídico e os presentes estatutos.

#### **Artigo 12.- Composición del Padroado**

O Padroado da Fundación estará integrado pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e as organizacións sindicais e empresariais da mesma e estará formado inicialmente polas persoas designadas na escritura fundacional.

#### **Artigo 13.- Estrutura do Padroado.**

1.- O Padroado estará integrado por un Presidente/Presidenta e doce vogais, seis en representación de la Consellería de Traballo e Benestar, sendo un deles a persoa titular da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego, un/unha en representación da Unión Xeral de Traballadores de Galicia, un/unha en representación do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, un/unha en representación da Confederación Intersindical Galega e tres vogais en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.

As entidades que forman parte do Padroado designarán as persoas físicas que os representen e o mesmo número de suplentes que de titulares.

2.- O Padroado da Fundación estará presidido pola persoa titular da Dirección Xeral de Emprego e Formación.

3.- Actuará como Secretario/Secretaría a persoa titular da xerencia da Fundación que ostentará o cargo sen pertencer o Padroado, tendendo voz e sen voto nas reunións do mesmo.

4.- En ningún caso o cargo de Padrón poderá acumularse a calquera outro de representación ou asesoramento que implique dependencia laboral ou relación mercantil ca Fundación.

#### **Artigo 14.- Dos membros do Padroado**

Os padróns exercerán as súas funcións despois de aceptar expresamente o cargo. Esta aceptación poderá facerse constar no outorgamento da Acta fundacional, en documento público independente ou mediante comparecencia ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego tal e como recolle o artigo 19 da Lei 12/2006.



Sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera das formas previstas no apartado anterior, os padróns incorporados con posterioridade á inscrición da Fundación e constitución do primeiro Padroado, poderán aceptar os seus cargos ante o mesmo. A aceptación poderá acreditarse mediante certificación expedida polo Secretario/Secretaria, co visto bo do Presidente/Presidenta.

En todo caso, a aceptación notificarase formalmente ó Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.

Os Padróns exercerán o seu cargo gratuitamente sen prexuízo do dereito a que as organizacións que representan sexan resarcidas dos gastos desembolsados, debidamente xustificados, que o cargo lles ocasione no exercicio das súas funcións.

#### **Artigo 15.- Duración do mandato.**

Os membros do Padroado que non sexan por razón do seu cargo, desempeñarán as súas funcións durante catro anos, podendo ser reelixidos.

#### **Artigo 16.- Substitución dos membros do Padroado.**

As persoas físicas desempeñarán persoalmente os seus cargos no Padroado.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do Presidente/Presidenta, as súas funcións serán realizadas pola persoa titular da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do Secretario/Secretaria, as súas funcións serán desempeñadas por quen designe o Presidente/Presidenta.

En caso de ausencia ou enfermidade, os membros poderán estar representados por outra persoa que deberá ser igualmente membro do Padroado e sempre que a citada representación se confira por escrito.

#### **Artigo 17.- Cese dos Padróns e dos seus representantes.-**

O cese dos Padróns producirase nos supostos que corresponda conforme o establecido na normativa reguladora das fundacións.

De igual xeito, os/as Padróns poderán cesar por libre revogación das entidades que os designaron, por cese no cargo por razón do que foron nomeados ou por renuncia.

No suposto de cese dos/das Padróns, procederase se xeito inmediato a súa substitución e para ese efecto a entidade correspondente dentro dos 15 días seguintes deberá notificar a nova designación ó Padroado.

A renuncia á condición de membro do Padroado poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación. Notificarase formalmente ao Protectorado e se inscribirá no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

#### **Artigo 18.- Distribución de competencias.-**

1.- Á Presidencia correspóndelle ostentar a representación da Fundación, convocar e presidir as reunións DO Padroado, determinar, atendendo ás peticións dos Padróns, a orde do día das mesmas, moderar os debates e velar porque os acordos que se adopten se leven a cabo.

2.- O Presidente/Presidenta poderá delegar na persoa titular da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego a representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine polo Padroado ou lle delegue as funcións a Presidencia para actos concretos, agás aquelas prohibicións de delegar reguladas no artigo 18 da Lei 12/2006 e no artigo 19 do seu regulamento.

3.- Son funcións do Secretario/Secretaria: a custodia de toda a documentación da Fundación, levantar actas das reunións do Padroado, expedir certificacións co Visto e Prace do Presidente/Presidenta sobre o contido das actas, así como todas aquelas funcións que expresamente se lle deleguen.

4.- Os demais membros do Padroado ostentan a condición de vogais e lles corresponde, ademais da participación con voz e voto nas sesións, o exercicio das funcións e competencias que lles sexan encomendadas por delegación do Padroado e sempre e cando a asunción desas funcións e competencias sexan libremente asumidas polos vogais propostos.

#### **Artigo 19.- Facultades do Padroado.-**

1.- Corresponde o Padroado el goberno, representación e administración da Fundación, así como a modificación dos presentes Estatutos, nos termos establecidos na lexislación vixente.



2-. Con independencia das funcións que lle outorguen os presentes Estatutos e, sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ó Protectorado, a título enunciativo, serán facultades xerais do Padroado:

- a) A dirección da Fundación, no marco fixado nestes Estatutos, e no non contemplados nos mesmos, no que as leis determinen.
- b) Fixar os criterios de actuación da Fundación dentro do marco establecido nos Estatutos.
- c) Aprobar os regulamentos de réxime interior, así como a organización interna, estrutural e funcional.
- d) Adoptar as medidas e disposicións adecuadas que garantan o mellor cumprimento dos fins establecidos.
- e) Aprobar os plans xerais, económicos, financeiros operativos, de obras e inversións e a súa periodificación anual, que deben reflectirse nos orzamentos anuais, que tamén aprobará.
- f) Aprobar periodicamente os plans de actividades e os seus resultados.
- g) Aprobar o inventario-balance anual, a liquidación de presuposto e a memoria anual.
- h) Nomear ao Director/Directora Xerente da Fundación e fixar as condicións da súa relación contractual e nomear apoderados/apoderadas xerais ou especiais.
- i) Aprobar a política de persoal e o réxime retributivo dentro dos límites legais, así como as ofertas de emprego e as súas condicións.
- j) Adoptar os acordos de disposicións e gravame sobre bens móbiles e inmóbiles que constitúan o patrimonio da Fundación nos termos previstos na lexislación vixente.
- k) Autorizar a contratación de obras, servizos e subministracións da Fundación. Esta función poderá ser delegada na persoa titular da xerencia da Fundación.
- l) Autorizar os acordos e/ou convenios que considere de interese para o mellor logro dos fins fundacionais.
- m) Aprobar os criterios de ordenación de pagos e facturación propostos polo Director/Directora Xerente.
- n) Acordar o exercicio de accións e xestións que considere oportunas, así como a interposición de recursos e reclamacións xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
- o) Aceptar as doazóns cando leven apareladas algunha condición ou modalidade onerosa, así como legados ou herdanzas a beneficio de inventario, non obstante, para repudialos precisará comunicación ao protectorado no prazo máximo de 10 días tal e como establece o artigo 30 da Lei 12/2006.
- p) Calquera outras tendentes a un mellor desenvolvemento e eficiencia dos fins da Fundación, non asignada expresamente a outro órgano.

3.- Conforme cos fins da Fundación serán facultades específicas do Padroado

- a) Impulsar e difundir entre empresarios/empresarias, traballadores/traballadoras o sistema de formación para o emprego.
- b) Elaborar un informe anual e de estatísticas sobre formación para o emprego no ámbito da Comunidade Autónoma.
- c) Colaborar na elaboración dos proxectos de normativa reguladora da concesión de axudas públicas para financiar as distintas iniciativas de formación continua.

#### **Artigo 20.- Reunións do Padroado e Convocatoria.-**

O Padroado reunirse no domicilio social da Fundación, cantas veces o estime oportuno o Presidente/Presidenta e polo menos dúas veces ó ano o cando o soliciten as dúas terceiras partes dos membros do Padroado conforme ao artigo 16 do Decreto 14/2009.

A convocatoria das reunións do Padroado serán efectuadas pola Presidencia cunha antelación de, polo menos, nove días da data fixada para a reunión, salvo por razóns de urxencia no que, polo menos deberanse convocar o Padroado con 24 horas de antelación.

A convocatoria efectuarase polo secretario da Fundación por escrito ou utilizando calquera medio que permita ter constancia da súa recepción e nela deberá figurar o lugar, día e hora de celebración, así como a orde do día previsto.



#### **Artigo 21.- Forma de deliberar e adoptar acordos.-**

O Padroado quedará validamente constituído cando concorran á reunión a metade máis un dos seus membros, sempre que estean representadas todas as partes que compoñen o Padroado e, en todo caso, o/a Presidente/Presidenta e o/a Secretario/Secretaría ou quen lles substitúan segundo os estatutos. No obstante cando, por circunstancias imprevistas ou forza maior, o número de membros do Padroado sexa inferior o número mínimo, estes poderán levar a cabo as actuacións que sexan imprescindibles para os intereses da Fundación.

Estes acordos deberán ser ratificados nunha reunión do Padroado convocada ao efecto con carácter urgente.

Tal e como reflicte o artigo 17.2 do RFIG o Padroado adoptará os seus acordos por aprobación da metade máis un dos asistentes, sendo dirimente no caso de empate o voto da presidencia.

De todas as reunións levantarase acta polo secretario, que deberá ser aprobada polos asistentes na seguinte reunión e se transcribirá ao correspondente Libro de Actas, onde será asinada polo secretario da Fundación co Visto e Prace do/da Presidente/Presidenta.

#### **Artigo 22.- Obrigas e responsabilidade dos padróns e os seus/súas representantes.-**

Os membros do Padroado están obrigados a concorrer ás reunións ás que sexan convocados e a desenvolver o seu cargo no Padroado coa dilixencia dun representante leal, tendo en conta nas súas actuacións o disposto na normativa vixente e nos presentes Estatutos e procurando en todo momento o eficaz cumprimento das funcións do Padroado.

Os padróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e prexuízos que causen polos actos contrarios á Lei ou aos Estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desenvolver o seu cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os padróns que votasen en contra do acordo e os que proben que, non tendo intervido na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia o, coñecendoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, opoñérense expresamente a aquel.

#### **Art. 23.-Comité Consultivo.-**

1.- O Padroado constituirá un Comité Consultivo que estará composto por nove membros, tres da Consellería de Traballo e Benestar, un/unha da Unión Xeral de Traballadores, uno/unha de Comisións Obreiras de Galicia, uno/unha da Confederación Intersindical Galega e 3 da Confederación de Empresarios de Galicia. A persoa titular da xerencia da Fundación actuará en calidade de Secretario/Secretaría do Comité Consultivo.

2.- O comité Consultivo reunirase, 3 veces o ano correspondendo co último mes de cada cuadrimestre.

3.- Corresponderán ó Comité Consultivo as seguintes funcións:

a) As que lle delegue o/a Presidente/Presidenta para a execución dos acordos do Padroado.

b) Seguimento do Plan de Actuación e ol Orzamento Anual da Fundación, aprobado polo Padroado.

c) Supervisión sobre a contratación de obras e bens sempre que estes superen a contía de contratos menores marcada pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

d) Calquera outra función que, se é o caso, lle delegue o Padroado, agás aquelas prohibicións de delegar reguladas no artigo 18 da Lei 12/2006 e no artigo 19 do seu regulamento.

#### **Artigo 24.- Director/Directora Xerente da Fundación.-**

1.- O Padroado nomeará un Director/Directora Xerente, a proposta do Presidente/Presidenta, que se configura como principal órgano unipersoal de xestión da Fundación.

2.- A Fundación formalizará coa persoa titular da xerencia da Fundación un contrato laboral adecuado ó seu cometido funcional. A duración do contrato regularase pola normativa vixente na materia.

3.-Corresponderán o Director/Directora Xerente as seguintes funcións:

a) A que lle delegue o/a Presidente/Presidenta para a execución dos acordos do Padroado, para realizar toda clase de actos e firmar aqueles documentos necesarios a tal fin, e así mesmo interpoñer recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos intereses da Fundación.

b) Dirixir, xestionar, controlar e inspeccionar de acordo coas directrices do Padroado a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na presentación de servizos de acordo cos seus fins.

c) Establecer e facer cumprir as normas de funcionamento interno da Fundación, globais e en cada unha das unidades organizativas.



- d) Elaborar e propoñer o Padroado o presuposto anual de gastos e ingresos e as súas revisións.
- e) Administrar o patrimonio da Fundación de acordo coas atribucións concedidas polo Padroado.
- f) Ordenar pagos e a xestión de tesourería que lle conceda o Padroado.
- g) Dentro dos límites establecidos polo Padroado, na correspondente delegación, a contratación de bens, servizos e obras.
- h) Desenvolver a política de persoal aprobada polo Padroado. A tal fin, concertar e rescindir relacións laborais, seleccionar persoal, acordar sancións e executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.
- i) Informar regularmente ó Padroado dos resultados de xestión operativos e financeiros e especialmente prepara-la memoria do exercicio e balance da situación.
- j) As funcións de secretaría do Padroado.
- k) As funcións de secretaría do Comité Consultivo.
- l) Calquera outra función que, se é o caso, lle delegue o Padroado.
- m) Representación da Fundación ante calquera Administración Pública autonómica, nacional o europea.

#### **Artigo 25.- Réxime de persoal.-**

1.- O réxime do persoal contratado pola Fundación será de carácter laboral, coas garantías que establece a este efecto O Estatuto dos Traballadores e con suxeición os principios de mérito, capacidade e publicidade. Será de aplicación o disposto na Lei 16/2010 de 17 de decembro de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

2.- A Fundación poderá subrogarse no réxime xurídico de relacións laborais existentes co persoal trasladado ou que proveña doutras entidades ou organismos

#### **Artigo 26.- Adopción de acordos.-**

A decisión do Padroado tomaranse por acordo da metade máis un dos asistentes, sendo dirimente, no caso de empate, o voto da Presidencia. No obstante, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoñan a maioría absoluta dos seus membros para aprobar acordos que se refiran a:

- a) Modificación dos Estatutos.
- b) Disposición de bens a título gratuito tamén.
- c) A fusión, escisión e extinción da Fundación.

As decisións do Comité Consultivo tomaranse por acordo da metade máis un dos membros do Padroado presentes.

### **TITULO IV**

#### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Artigo 27.- Patrimonio fundacional.-**

1. o patrimonio da Fundación estará integrado por tódolos bens e dereitos susceptibles de valoración económica, que constitúan a dotación inicial da Fundación recollida na Acta Fundacional e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

2. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Os que sexan susceptibles de inscrición, inscribíranse nos rexistros correspondentes.



3. Para asegurar a garda dos bens que constitúen patrimonio da Fundación, se observarán as regras seguintes:

- a) Os bens inmobles e dereitos reais inscribíranse no rexistro da propiedade a nome da Fundación. Os outros bens susceptibles de inscrición deberán inscribir nos correspondentes rexistros.
- b) Os valores mobiliarios e os fondos públicos deberán depositarse o seu nome en establecementos financeiros.
- c) Os outros bens, mobles, os títulos de propiedade, os comprobantes de depósitos e calquera outros documentos acreditativos de dominio, posesión, uso, aproveitamento ou calquera outro dereito de que sexa titular a Fundación, confíaranse polo propio Padroado á persoa en quen delegue.
- d) A Fundación deberá figurar como titular de tódolos bens e dereitos que integran o seu patrimonio, os cales faranse constar no seu inventario e no rexistro de fundacións e inscribíranse, no seu caso, nos rexistros correspondentes, como se establece, nos apartados anteriores.

#### **Artigo 28.- Réxime financeiro.-**

1. Na xestión económico-financieira a Fundación rexerese polos principios e criterios xerais determinados no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba a Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e demais normativa de vixente aplicación.

2. A Fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para a boa orden e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. Deberá, en todo caso, formular e leva-los seguintes libros e documentos:

- Libro de Actas.
- Libro Diario.
- Libro de Inventarios e Contas Anuais.

#### **Artigo 29.- Financiamento.-**

Os medios económicos para o logro da finalidade fundacional poderán estar compostos por:

Os froitos, rendas, produtos e beneficios do capital e o patrimonio e das actividades que realice a Fundación.

- a) As doazóns "intervivos", herdanzas e legados que reciba, e os demais bens que adquira por calquera título: as herdanzas se aceptarán sempre a beneficio do inventario; a repudiación de herdanzas ou legados así como a aceptación dos que impliquen cargas, esixirá a comunicación do Protectorado tal e como se recolle no artigo 30 da Lei 12/2006 e no artigo 23 do Decreto 14/2009.
- b) Asignación nominativa con cargo aos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) As subvencións que poida recibir de entes públicos.

#### **Artigo 30.- Presupostos.-**

1. O Padroado elaborará para cada exercicio económico un presuposto ordinario. No mesmo recolleranse os ingresos e os gastos correntes. Nos ingresos comprenderanse todos cantos perciba a Fundación por calquera concepto. Nos gastos mencionaranse por separado os gastos xerais, podendo destinar os excedentes dos ingresos ao incremento do capital da Fundación.

2. O Padroado elaborará os presupostos extraordinarios que sexan necesarios que deberán ser aprobados polo Protectorado, para as inversións de primeiro establecemento e as reparacións ou melloras extraordinarias dos bens e instalacións da Fundación.

3. Os presupostos da Fundación, tanto os ordinarios como os extraordinarios, serán sempre nivelados, non excedendo nunca a previsión dos gastos á dos ingresos.

#### **Artigo 31.- Aplicación de ingresos.-**

1. Deberanse destinar a incrementar a dotación ou as reservas, segundo o acordo do Padroado, o resto de rendas e ingresos que non se deban destinar a cumprir a obriga establecida no artigo 35.1 da Lei 12/2006, de 1 de decembro de Fundacións de Interese Galego, unha vez deducidos os gastos de administración, cuxa contía máxima se determinará regulamentariamente.

2. A Fundación poderá facer efectivo o destino da proporción de rendas e ingresos, á que se refire o apartado anterior, no prazo de 3 anos a partir do momento da súa obtención.

3. O alleamento ou gravame dos bens e dereitos que formen parte da dotación ou estean directamente vinculados aos fins fundacionais ou que representen un valor superior ó 20 por 100 do activo da Fundación que resulte do último balance anual, so poderá realizarse nas condicións establecidas na Acta Fundacional ou nas que sinala o Protectorado para cada caso. O alleamento ou gravame dos bens e dereitos deberá ser comunicado, nun prazo máximo dun mes, ao Protectorado, consonte o disposto no artigo 29.1 da Lei 12/2006.





Para o resto dos bens e dereitos seguiranse os requisitos e formalidades establecidos na normativa reguladora das Fundacións de interese galego.

### **Artigo 32.- Rendición de contas.-**

1. Dentro dos catro primeiros meses o do seguinte exercicio económico e con carácter anual, o Padroado confeccionará as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria, nos que conste de modo certo a situación económica, financeira e patrimonial da Fundación. A memoria especificará ademais, as variacións patrimoniais e os cambios nos seus órganos de goberno, dirección e representación.

Igualmente e dentro do mesmo prazo, o Padroado practicará a liquidación do presuposto de ingresos e gastos do ano anterior.

2. As contas anuais serán aprobadas polo Padroado dentro dos seis meses seguintes á data de pechamento do exercicio, e serán asinadas polo/a presidente/a. Presentaranse ao Protectorado no prazo de vinte días hábiles contados desde súa aprobación polo Padroado, acompañadas de certificación do secretario/a.

3. Dentro dos tres últimos meses de cada exercicio o Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado o presuposto correspondente para o ano seguinte acompañado da memoria explicativa.

4. A contabilidade da Fundación axustarase ao disposto no Código de Comercio se a mesma realizase directamente actividades mercantís ou industriais e ao reflectido no artigo 118 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

### **Artigo 33.- Comisión de Auditoría e Control.-**

No caso de que a Fundación estea obrigada a someter as súas contas a auditoría, constituirase unha comisión de auditoría e control dependente do Padroado segundo o artigo 119 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Estará integrada por un mínimo de tres e un máximo de seis membros, nomeados polo Padroado, e o seu cese será por decisión do Padroado ou renuncia dos membros. Asistirá ademais as súas reunións, con voz e sen voto, o/a Director/a Xerente. O seu Presidente/a e o Secretario/a serán elixidos/as por entre os seus membros, non podendo recaer a elección en quen sexa Presidente/a do Padroado.

A Comisión de Auditoría terá as seguintes funcións:

- 1.- Informar ao Padroado por medio do Presidente deste órgano ou da persoa que el considere adecuada, sobre as cuestións que no curso das reunións plantexen os padróns/padroas en materias propias da competencia da Comisión.
- 2.- Propor ao Padroado, por medio do Presidente de este órgano, a designación do auditor de contas externo e, no seu caso, a revogación ou non revogación do seu nomeamento.
- 3.- Supervisar o cumprimento do contrato de auditoría, procurando que a opinión sobre as contas anuais e os contidos principais do informe de auditoría sexan redactados de forma clara e precisa.
- 4.- Velar pola independencia do auditor de contas, prestando atención a aquelas circunstancias ou cuestións que puideran pola en risco e a calquera outras relacionada co proceso de desenvolvemento da auditoría de contas.
- 5.- Supervisar a formulación das contas anuais, vixiar o cumprimento dos requisitos legais e a correcta aplicación dos principios de contabilidade xeralmente aceptados, así como informar as propostas de modificación de principios e criterios contables.
- 6.- Informar anualmente ao Padroado acerca da evolución e perspectivas dos gastos en relación cos fins da Fundación.



## TÍTULO V

### MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

#### FUSIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN

##### **Artigo 34.- Modificación de Estatutos.-**

O Padroado poderá instar á modificación dos presentes estatutos sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación ou varíen as circunstancias que presidiron a súa constitución.

A modificación ou nova redacción dos Estatutos deberá ir precedida dunha memoria razoada, con xustificación das causas determinantes da modificación, contido da modificación, texto alternativo e estudo económico de impacto e/ou viabilidade. Tal e como reflicte o artigo 17.2 do RFIG, a modificación deberá ser aprobada polas dúas terceiras partes dos membros do Padroado asistentes, sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros.

A modificación o nova redacción deberá formalizarse en escritura pública inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

##### **Artigo 35.- Fusión da Fundación.-**

O Padroado dea Fundación poderá acordar por maioría de dous terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros, a súa fusión con outra ou outras fundacións que teñan análoga finalidade, sempre que iso conveña ou interese da mesma, notificando ó Protectorado, quen poderá opoñerse no prazo dun mes, de conformidade co artigo 42.3 da LFIG.

A fusión requirirá o outorgamento da escritura pública e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese galego.

##### **Artigo 36.- Extinción e Liquidación da Fundación.-**

A Fundación extinguirase polas causas e na forma establecidas no artigo 44 da Lei 12/2006, do 1 de decembro de Fundacións de interese galego.

A extinción, salvo no caso de extinción por fusión ou absorción, determinará a apertura dun procedemento de liquidación que se realizará baixo o control do Protectorado.

No caso de extinción e disolución da Fundación o seu patrimonio destinarase a entidades públicas de natureza non fundacional ou entidades privadas non lucrativas, que persigan fins de interese xeral e teñan afectados o seus bens, ata para o suposto da súa disolución, a consecución de aqueles.